



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 28 DE MARZO DE 2019

No salón de sesións da Casa do Concello de Bergondo, a vinte e oito de marzo de dous mil dezanove, sendo as vinte horas e trinta minutos ten lugar a sesión ordinaria, en primeira convocatoria, do Pleno municipal, presidida pola alcaldesa-presidenta D.^a Alejandra Pérez Máquez, do grupo municipal socialista, e coa asistencia dos/as señores/as concelleiros/as seguintes:

Grupo municipal Socialista (PSdG-PSOE):

D. Francisco Javier Santos Maseda
D.^a María Begoña Calviño Dorado
D. José Ramón Lorenzo Carou
D.^a Patricia María Vázquez Figueroa

Grupo municipal de Veciños de Bergondo (VB)

D. Francisco Manuel Fafián Torreiro (voceiro)
D.^a María del Loreto Caseiras Arroyo
D.^a Alicia María Souto Ramos

Grupo municipal do Partido Popular (PP)

D. Yago Lage Caramelo (voceiro)

Concelleiros non adscritos:

D.^a Antonia María Sanjurjo Seijas
D. Juan Antonio Fariña Pedreira
D. Eloy Babío Veiga

Non asiste:

D. José Angel Vieiro Amor (PP)

Foron asistidos pola interventora municipal, D.^a Laura Gutiérrez Ortiz, e pola secretaria, D.^a Ana M.^a Cacharrón Castelos.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS DOS DÍAS 28 DE FEBREIRO E 21 DE MARZO DE 2019.
2. DAR CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO 2018.
3. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA
4. ASUNTOS URXENTES.
5. ROGOS E PREGUNTAS.



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS DOS DÍAS 28 DE FEBREIRO E 21 DE MARZO DE 2019.

Os/as integrantes da Corporación recibiron os borradores das actas correspondentes ás sesións ordinaria do 28 de febreiro, e extraordinaria do 21 de marzo, a través de documentos remitidos por correo electrónico. De conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, a Sra. alcaldesa preguntalles aos/ás concelleiros/as se teñen algunha observación que formular ás ditas actas.

Non formulándose observacións, postas a aprobación ás actas das sesións ordinaria do 28 de febreiro, e extraordinaria do 21 de marzo, por unanimidade de votos a favor (12), apróbanse as referidas actas.

2. DAR CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO 2018.

Seguidamente dáse conta ós asistentes do expediente relativo á liquidación do Orzamento municipal correspondente ó exercicio 2018 no que se inclúe, entre outros, o Decreto de Alcaldía núm. 285/2019, de 27 de febreiro, polo que se aprobou a referida liquidación, e que transcrito literalmente di:

“ASUNTO: LIQUIDACIÓN ORZAMENTO MUNICIPAL 2018
EXPEDIENTE: 2019/G003/000306

En virtude do establecido no artigo 191 do R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais, procédese a elaboración da liquidación do orzamento municipal do ano 2018, previo informe da Intervención municipal, polo que, sendo competencia desta Alcaldía a súa aprobación, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Aprobar a Liquidación de gastos e ingresos do orzamento deste Concello correspondente ó exercicio de 2018, e que amosa o seguinte resumo:

A) RESULTADO ORZAMENTARIO EXERCICIO 2018.

CONCEPTOS	DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	AXUSTES	RESULTADO ORZAMENTARIO
a.- Operacións correntes	6.727.071,22	4.913.171,65		1.813.899,57
b.- Operacións de capital	125.492,63	1.457.339,15		-1.331.846,52
1. Total operacións non financeiras (a+b)	6.852.563,85	6.370.510,80		482.053,05
c) Activos financeiros	6.877,87	7.519,62		-641,75
d) Pasivos financeiros	0	0		0
2. Total operacións financeiras (c+d)	6.877,87	7.519,62		-641,75
I. RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO (I=1+2)	6.859.441,72	6.378.030,42		481.411,30
AXUSTES				
3. Créditos gastados financiados con remanente tesourería para gastos xerais			1.256.720,73	
4. Desviacións de financiación negativas do exercicio			378.533,05	
5. Desviacións de financiación positivas do exercicio			238.873,34	
II. TOTAL AXUSTES (II=3+4-5)			1.396.380,44	
			RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO (I+II)	1.877.791,74



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

B) ESTADO REMANENTE DE TESOURERÍA.

COMPOÑENTES	IMPORTES ANO
1. Fondos líquidos	7.344.660,62
2. Dereitos pendentes de cobro	12.577,69
+ do orzamento corrente	0
+ de orzamentos cerrados	110,40
+ de operacións non orzamentarias	12.467,29
3. Obrigas pendentes de pago	450.059,88
+ do orzamento corrente	177.599,11
+ de orzamentos cerrados	0
+ de operacións non orzamentarias	272.460,77
4. Partidas pendentes de aplicación	-19.176,86
- cobros realizados pendentes de aplicación definitiva	19.176,86
+ pagos realizados pendentes de aplicación definitiva	
I. Remanente de tesourería total (1+2+3+4)	6.888.001,57
II. Saldos de dubidoso cobro	
III. Exceso de financiación afectada	30.203,86
IV. Remanente de tesourería para gastos xerais (I-II-III)	6.857.797,71

C) DEREITOS E OBRIGAS PENDENTES EXERCICIO 2018.

- Dereitos pendentes de cobro orzamento corrente..... 0 euros.
- Obrigas pendentes de pago orzamento corrente..... 177.599,11 euros.

D) REMANENTES DE CRÉDITO.

- Comprometidos.....1.274.681,95 euros.
- Non comprometidos.....2.585.428,22 euros.

SEGUNDO.- Dar conta ó Pleno municipal desta liquidación correspondente ó exercicio de 2018 e que se remita copia da mesma á Administración do Estado - Ministerio de Economía y Hacienda, e a Comunidade Autónoma en consonancia co previsto no artigo 193.4 e 193.5 do R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais.

En Bergondo, na data que figura na marxe

A alcaldesa

Alejandra Pérez Máquez

Dou fe; a secretaria

Ana María Cacharrón Castelos”

O Pleno queda enterado.

3. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA.

A continuación pola Sra. alcaldesa, en cumprimento do previsto no art. 42 do Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais, aprobado por R.D. 2568/86 de 28 de novembro (ROF), dáse conta á Corporación dos Decretos e Resolucións ditadas desde o 22 de febreiro ao 22 de marzo de 2019, ámbolos dous incluídos, numerados do 266/2019 ao 412/2019. O Pleno queda enterado.

4. ASUNTOS URXENTES

Pl.28/03/2019



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

A Sra. alcaldesa, no cumprimento do disposto do artigo 46.2.e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 91.4 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, pregunta se algún grupo político desexa someter á consideración do Pleno, por razóns de urxencia, algún asunto non comprendido na Orde do día que acompañaba á convocatoria e que non teña cabida no punto de Rogos e Preguntas.

Non se presentan.

5. ROGOS E PREGUNTAS

Os rogos e preguntas presentadas polo Grupo de Veciños de Bergondo a través da Sede Electrónica do Concello, o día 27 de marzo, ás 18:40 horas, núm. Entrada: 20199000000370, son contestadas neste pleno, segundo recolle artigo 97 do ROF; foron as seguintes:

1.- *Hace más de tres meses, en concreto en el Pleno del 18 de Diciembre de 2018 le preguntamos qué procedimientos Contencioso-Administrativos están en el Juzgado en trámite presentados contra este Concello así como las materias sobre las que versan los Contenciosos y en qué trámite se encuentran cada uno de los pleitos entablados. Desde el 18 de Diciembre no nos ha contestado más que había pedido un informe. A 28 de Marzo seguimos sin tener respuesta. ¿Por qué no se nos ha contestado después de más de 3 meses?*

2.- *Los vecinos de Guísamo del margen derecho según se baja, le solicitaron en el mes de Enero por escrito que se realizaran las modificaciones necesarias para dotar de accesos de vehículos a sus viviendas, garajes o locales. A esto Usted respondió en prensa que se mantendrían las existentes. En concreto estos solicitantes tienen unas planchas metálicas en sus entradas mientras que en el margen izquierdo tienen unas entradas de obra. ¿Por qué razón, ya que está allí trabajando la empresa adjudicataria de las aceras, no pueden realizar las entradas en obra para el margen izquierdo según se baja y así igualarlas con las del otro lado? Fomento no pone impedimento alguno a estas obras.*

3.- *¿Qué gestiones ha realizado con la Diputación para la reparación de la carretera que va al Colegio Cruz del Sar en la que en el cruce con la carretera que va a Betanzos existen varios baches juntos cuyo arreglo venimos reclamando desde hace más de 4 meses?*

4.- *¿Qué gestiones ha realizado con la Diputación en la misma carretera donde a la salida del recinto del edificio de La Senra existen dos pasos de cebra muy cercanos entre sí, ambos casi borrados, que confunden al conductor al no saber en cuál de ellos ha de pararse?*

5.- *¿Qué gestiones ha realizado para la reparación de Centro de Salud de Bergondo que presenta goteras y manchas de humedad por dentro y por fuera hay óxido en las rejillas y falta de mantenimiento? Estas obras se las solicitamos en el mes de Diciembre de 2018.*

6.- *¿Ya tiene los informes para la continuación de las obras de saneamiento de la Cruz do Sar? Si no es así ¿A qué se refieren esos informes que necesita? Nos contestó que no había perdido la subvención de la Diputación, ¿Hasta cuándo tiene abierta esa línea de financiación de la obra? Las zanjas llevan tapadas con arena 3 años. ¿Por qué no las cierra debidamente al menos?*

7.- *¿Qué han averiguado sobre el autor o autores de los grafitis de las casetas de Gandarío?*

PL.28/03/2019



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

Ningún grupo, nin concelleiro ou concelleira, presentaron mais rogos ou preguntas para esta sesión.

Esta acta foi gravada con vídeo e audio. Constan no expediente do TEdC 2019/G010/000004; o vídeo está dispoñible no seguinte enlace: <http://youtu.be/X9PStiGB3vo>.

A pegada dixital desta gravación de vídeo é a seguinte:

A54197559ESFC2C05EBE95F05BBFF5864D84261E4BEF1FA3290523DE155F6332

A pegada dixital da gravación de audio é a seguinte:

658BBC8183570C7F1A02D2ACC179C62403F23486AF49077EF37B4F537BA5CE76

O algoritmo de pegada dixital é SHA-256 e o formato da pegada é a hexadecimal en ASCII (base 16). Pódese comprobar co arquivo e a ferramenta autofirma

Non habendo máis asuntos que tratar, a Sra. alcaldesa-presidenta levanta a sesión, sendo as vinte horas e cincuenta minutos do expresado día. Autorízase a presente acta coa sinatura electrónica da presidenta e da secretaria, que dá fe.

A secretaria
Ana M.^a Cacharrón Castelos

Vº. e pr. A alcaldesa
Alejandra Pérez Máquez